

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
Conservas e Ahumados LOU, S.L.	A pé	Todo o litoral de Galicia	40	De xaneiro a agosto	-----
Conservas Portomuiños	A pé	Todo o litoral de Galicia	180	De xaneiro a decembro	-----
PROVINCIA DA CORUÑA E LUGO					
Central Galaica de Plantas Medicinales	A pé	Litoral da provincia da Coruña e Lugo	20	De xuño a setembro	-----
PROVINCIA DA CORUÑA					
C.P. A Coruña e Sada (plan conxunto)	MA MSAS	Zona VII	100	De xaneiro a decembro	Portiño, Suevos, Lorbé, Sada, Ares e peirao da Coruña
C.P. Camariñas	A pé	De punta Roda a punta Vilueira e de punta Villueira a punta Gallada	80	De febreiro a novembro	Lonxa de Camariñas
C.P. Camariñas	MA MSAS	De punta Chorente a punta Vilueira e de punta Villueira a punta Gallada	90	De febreiro a novembro	Lonxa de Camariñas
C.P. Camelle	MA MSAS	De punta Morelo a punta Gallada	172	De marzo a outubro	Porto de Camelle
C.P. Corcubión	A pé	Ambito territorial da confraría	40	De abril a outubro	Zonas de traballo
C.P. Espasante	A pé	De illa San Vicente ata a praia de Esteiro	20	Xullo e agosto	Portos de Espasante e Ortigueira
C.P. Lira	A pé	De punta Insua a punta Larada	20	De abril a xullo	Porto e lonxa de Lira
C.P. Muros	A pé	De punta Uía a punta Insua	8	De marzo a xuño	Zona de traballo Portos de Muros e Esteiro
C.P. Ribeira	MA MSAS	Zonas de autorización e as restantes zonas resolveranse nas resolucións de apertura	100	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo Lonxa de Ribeira
Mardelira, S.Coop.Galega	A pé	Litoral da provincia da Coruña	40	De abril a xullo	Porto e lonxa de Lira
Mergulladores de Longueirón de Fisterra, S. Coop. Galega	MA	De punta Insua a cabo Fisterra	80	De xaneiro a agosto	Portos de Fisterra, Pindo, Lira e Cee
PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	32	De xaneiro a decembro	Lonxa da Guarda, Tío Rincho e río Covo
C.P. Aldán-Hío	MA MSAS	De punta Couso a punta Preguntoiro (cara ao interior da ría)	100	De marzo a xullo	Lonxa de Aldán
C.P. O Grove	MA MSAS	De punta Faxilda ata punta San Vicente, e de punta San Vicente ata Meloxo	160	De xaneiro a xuño	Lonxa do Grove e zonas de produción
C.P. Portonovo, Raxó, Bueu, Pontevedra, Marín, Lourizán (plan conxunto)	MA MSAS	De punta Faxilda a punta Centolo. De punta Galera a punta Couso. Cara ao oeste das illas Ons e Onza e de punta Couso a punta Preguntoiro	147	De marzo a setembro	Lonxas das confrarías
C.P. Cangas	MA MSAS	De punta Canabal a punta Couso e illas Cíes	145	De xaneiro a xullo	Faro Borneira, Pedra Cantareira, praia de San Martiño e rampla de descarga do porto de Cangas e lonxa de Cangas

(1)Entidade	(2) Modalidade
Abreviatura	Abreviatura
A.M.	Asociación de mariscadoras MA
C.P.	Confraría de pescadores MSAS
	Mergullo en apnea
	Mergullo con subministración de aire desde superficie

Resolución do 11 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2007.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño) imponse a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para darlle cumprimento a esa obriga, por medio desta resolución dáselle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2007, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2008

Miguel Ángel López Sieiro
Secretario xeral da Consellería de Pesca
e Asuntos Marítimos

ANEXO

Convenio	Data de sinatura	Importe €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a entidade <i>La Voz de Galicia S.A.</i> para os efectos de promover campañas informativas autorizadas polo artigo 3 da Lei de publicidade e comunicación institucional (Lei 29/2005, do 29 de decembro).	6-6-2007	149.000,00 €
Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a <i>Fundación para a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación no Sector Pesqueiro de Celeiro</i> para o desenvolvemento do proxecto piloto para a redución do consumo enerxético nos buques pesqueiros mediante a implantación de novas tecnoloxías no buque <i>Santiago Apóstol</i> .	30-6-2007	Sen contido económico
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores para desenvolver unha análise das tendencias de pesca como base para a formulación de políticas de promoción e comercialización dos produtos da pesca e do marisqueo que potencien a conservación e a utilización sustentable dos recursos pesqueiros.	14-09-2007	300.000,00 €

Convenio	Data de sinatura	Importe €
Convenio de colaboración en materia de divulgación pesqueira entre a Xunta de Galicia e o Concello da Illa de Arousa para a realización das obras de acondicionamento do edificio da antiga fábrica de conservas Goday para actividades museísticas e de divulgación sobre o mar e a pesca.	14-9-2007	2007: 133.000,00 € 2008: 137.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a agrupación de interese económico <i>Lonxa de Campelo</i> para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra.	21-9-2007	1.429.120,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e <i>Mapfre empresas Compañía de Seguros y Reaseguros S.A.</i> para a xestión e pagamento de axudas de subscrición dun seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción.	2-10-2007	Artigo 15 da Orde do 13 de setembro de 2007 (DOG do 21-9)
Protocolo de Cooperación entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Goberno do Estado de Sucre da República Bolivariana de Venezuela.	5-10-2007	Sen contido económico
Protocolo de cooperación entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a <i>Fundación para a Investigación e Desenvolvemento do Estado de Sucre da República Bolivariana de Venezuela.</i>	5-10-2007	Sen contido económico
Protocolo de Cooperación entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Universidade de Oriente da República Bolivariana de Venezuela.	5-10-2007	Sen contido económico
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da acción de investigación: estudo de factores ambientais e posibles patóxenos que afectan o cultivo da ameixa fina na ría de Pontevedra.	16-10-2007	2007: 40.617,00 € 2008: 53.700,00 € 2009: 52.700,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e <i>Televisión de Galicia, S.A.</i> para a concienciación da poboación, especialmente dos mozos, dos beneficios do consumo habitual de peixe.	23-10-2007	149.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores para a análise e seguimento da situación actual de cada segmento da frota así como da calidade das capturas procedentes das artes de cerco, volante, rascos, palangre de fondo e a súa influencia na comercialización deses produtos nos distintos portos de Galicia.	24-10-2007	538.000,00 €
Acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra para a construción dun depósito de auga salgada no porto de Marín.	30-10-2007	2007: 74.014,01 € 2008: 249.252,69 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Confraría de Pescadores de Miño para a realización do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros.	30-10-2007	147.112,59 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o asesoramento técnico en materia de investigación mariña e a realización dunha serie de estudos de interese para o sector da produción, depuración e transformación dos moluscos bivalvos.	31-10-2007	195.000,00 €

Convenio	Data de sinatura	Importe €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a <i>Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos</i> para capacitación de persoal no procesamento de túnidos en Ecuador e Guatemala.	31-10-2007	96.860,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Confraría de Pescadores de Corcubión para a implantación do semicultivo de moluscos na praia das Viñas.	31-10-2007	30.562,06 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a <i>Radiotelevisión Galicia, S.A.</i> para a concienciación da poboación especialmente dos mozos, dos beneficios do consumo habitual de peixe.	31-10-2007	71.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Confraría de Pescadores da Coruña, para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación na ría do Burgo.	2-11-2007	147.942,92 €
Memorando de entendemento de cooperación entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Universidade Católica do Norte Chile.	6-11-2007	Sen contido económico
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da primeira anualidade do subproduto: caracterización e estandarización de condicións de sanidade animal en acuicultura mariña, creación de mapas epidemiolóxicos e elaboración de estratexias para o deseño dunha rede de vixilancia epidemiolóxica dentro do Plan nacional de xestión sanitaria.	6-11-2007	27.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Tecnolóxico do Mar <i>Fundación Cetmar</i> para a realización do plan nacional de mitigación do impacto ambiental xerado polos cultivos mariños.	8-11-2007	73.284,95 €
Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para a organización da XVII semana internacional de cinema submarino.	29-11-2007	20.000,00 €
Addenda para a ampliación e prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a agrupación de interese económico <i>Lonxa de Campelo</i> para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra.	11-12-2007	2007: 408.320,00 € 2008: 734.976,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do I Máster en economía pesqueira.	12-12-2007	15.100,00 €
Convenio de colaboración entre <i>Información e Comunicación Local, S.A. Turismo de Santiago</i> e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia para a promoción dos produtos da pesca e da acuicultura nas cociñas internacionais.	20-12-2007	120.000,00 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a <i>Fundación da Enxeñaría Civil de Galicia</i> , segundo convenio marco coa Universidade da Coruña, para o desenvolvemento e utilización de sistemas de visualización e análises por computadora do impacto ambiental aplicadas a proxectos de acuicultura.	20-12-2007	35.128,00 €

Convenio	Data de sinatura	Importe €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e o Instituto Español de Oceanografía para a realización do proxecto de investigación: posta a punto dun sistema de cultivo de paralarvas de polbo e importancia da composición bioquímica na dieta larvaria.	21-12-2007	2007: 18.095,00 €
		2008: 48.895,00 €
		2009: 46.640,00 €
		2010: 33.000,00 €
Addenda pola que se amplía e prorroga o convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña para a realización do plan de recuperación da ría do Burgo.	28-12-2007	2007: 58.327,58 € 2008: 574.861,20 €

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 21 de febreiro de 2008 pola que se establecen axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade.

Os artigos 149.1º.23 da Constitución española e 27.30º do Estatuto de autonomía de Galicia facultan a nosa comunidade autónoma para establecer normas adicionais sobre protección do medio e a paisaxe.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a obriga de fomentar a conciencia de que o medio galego é un patrimonio e un ben en que todos os estamentos sociais deben estar implicados.

O Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, recolle entre as súas competencias a promoción das iniciativas sociais relativas á difusión e divulgación ambiental, así como á promoción, deseño, execución e seguimento de programas, accións e actividades formativas de concienciación para a sustentabilidade dirixidas ao conxunto da poboación.

A Estratexia galega de educación ambiental foi aprobada o 9 de novembro de 1999 no Consello Galego de Medio Ambiente e publicada no DOG nº 205, do 23 de outubro de 2000, froito dos compromisos ambientais adoptados por España nas reunións de Tbilisi e Tesalónica, e seguindo as recomendacións do Libro Branco de Educación Ambiental. O desenvolvemento sustentable considérase como un novo modelo social que asume límites aos recursos, e polo tanto oposto a un crecemento sen fin, que antepón a calidade de vida fronte ao benestar material, e baseado na solidariedade social rexional e interxeracional.

Co obxecto de impulsar o concepto de sustentabilidade na sociedade galega, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible promove un réxime de axudas destinadas á formación dunha conciencia social para a defensa e mellora do contorno e a educación para a sustentabilidade.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal está representada polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas

e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada lei. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto das axudas.*

1. Esta orde ten por obxecto a concesión de axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade, considerando como tales as que desenvolvan e confronten os enfoques ambiental, social e económico, que promovan cambios de actitude e hábitos e se materialicen nunha acción de participación cidadá. As accións deberán realizarse durante o ano 2008, e poderán ter forma de obradoiros, foros de participación, campañas de sensibilización e accións de formación.

2. Nesta convocatoria as áreas de traballo que se consideran serán con exclusividade as seguintes:

- Cambio climático.
- Urbanismo sustentable.
- Mobilidade sustentable.
- Xestión integral da auga.
- Minimización da produción de residuos.
- Divulgación do concepto de desenvolvemento sustentable, desde a visión integradora das súas dimensións económica, social e ecolóxica.

3. As axudas irán dirixidas a contornos e colectivos non-escolares.

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde:

a) Concellos, mancomunidades, agrupacións de concellos e consorcios que pertencen ao ámbito dunha Administración local e que se atopen legalmente constituídas de acordo co establecido nos artigos 135 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A agrupación de concellos pode ser específica para a realización da actividade para a que se solicita axuda.

b) Universidades.

2. Todos os beneficiarios deberán ter o seu domicilio social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Co obxecto de acadar unha maior repartición das axudas, só se admitirá unha solicitude por entidade. A solicitude conxunta invalida as solicitudes individuais dos concellos agrupados.

No caso das universidades poderán presentar máis dunha solicitude para a realización das actividades obxecto destas axudas.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde, as persoas ou entidades nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.